

ASUNTO: ACORDO DE RENUNCIA Á CELEBRACIÓN DO CONTRATO DE “SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA NA XESTIÓN E MANTEMENTO DO SISTEMA DE DEPURACIÓN DA E.D.A.R. DO RECINTO FEIRA INTERNACIONAL DE GALICIA (REF.: 6006-2011-05)”

Con data 24 de setembro de 2010 publicouse no DOG (nº 185) a licitación mediante procedemento aberto e forma de adxudicación de concurso público con tramitación ordinaria.

Con data 29 de outubro de 2010 a mesa de contratación, previa valoración dos medios persoais e técnicos (sobre B), procedeu a apertura pública das ofertas económicas (sobre C) propoñendo o órgano de contratación a adxudicación do citado concurso á empresa coa maior puntuación.

Con data 2 de agosto de 2010 recibíuse resolución da Consellería de Traballo e Benestar, dirección xeral de Promoción do emprego, autorizando a contratación de dous traballadores desempregados ao abeiro da Orde do 19 de decembro de 2007.

Con data 14 de outubro de 2010 procedeuse a formalizar os contratos dos traballadores obxecto de dita resolución.

En virtude do anterior, e unha vez examinados os recursos materiais e humanos propios dos que dispón a FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA acorda a execución do citado servizo obxecto da licitación cos citados medios.

Á vista do exposto e segundo o establecido no artigo 139 da lei 30/2007 de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP) e ó artigo 64 das instrucións de contratación da Fundación Semana Verde de Galicia e no uso das facultades que, en materia de contratación, me atribúe o Padroado da Fundación,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Renunciar á celebración do contrato de “SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA NA XESTIÓN E MANTEMENTO DO SISTEMA DE DEPURACIÓN DA E.D.A.R. DO RECINTO FEIRA INTERNACIONAL DE GALICIA (REF.: 6006-2011-05)” por razóns de interese público, debido ás causas anteriormente expostas.

SEGUNDO.- En virtude do disposto no artigo 139 da Lei de Contratos do Sector Público e en coherencia co principio de publicidade que inspira o devandito texto legal, notifíquese a presente Resolución a todos os interesados, e publíquese esta no perfil de contratante.

TERCEIRO.- Que se devolva a documentación aos licitadores que presentaron oferta ao procedemento.

Silleda, 8 de novembro de 2010

D^a Paloma Hidago López

Directora Xeral

